

ACTA ASEMBLEA ABERTA PROCESO ADIANTE

ÁMBITO

LOCALIDADE: **VIGO**
COMARCA: **VIGO**
DATA: **20/04/2016**
LUGAR DE REALIZACIÓN: **HOTEL AXIS**

ASISTENCIA

NÚMERO DE ASISTENTES(no momento de maior participación) :
113
NÚMERO DE NON MILITANTES ASISTENTES: **30**
NÚMERO DE MILITANTES CONVOCAD@S: **Convocouse a toda a militancia da localidade.**

DESENVOLVIMENTO DA ASEMBLEA

PERSOAS A CARGO DAS QUE RECAEU A EXPLICACIÓN DO PROCESO:

A nivel local: **Xabier P. Igrexas**, *Responsábel de iniciativas políticas e comunicación do Consello Local.*

Representante Consello Nacional: **Ana Pontón**, *Portavoz nacional.*

[Presentou brevemente o Responsábel local, Serafín Otero]

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON: **17**

DURACIÓN APROXIMADA DA REUNIÓN: **1h 45 minutos.**

METODOLOXÍA EMPREGADA (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc.): **Formato asemblea, con disposición semicircular do público, sen mesa para as intervencións (só taburete).**

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANSCURSO DA REUNIÓN:(tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.)

A valoración é moi positiva. A asistencia superou tanto o obxectivo fixado inicialmente (100) como as previsións das que se dispoña nos días anteriores, que estimaban unha asistencia moito inferior (60-70 confirmadas). Fíxose un importante traballo de convocatoria, tanto a través de medios convencionais, como de correo electrónico e redes sociais. Fíxose unha rolda de chamadas telefónicas que atinxiu a práctica totalidade da afiliación e tamén se convidou de maneira persoal a simpatizantes.

Salientar que a presenza de simpatizantes foi significativamente superior a de outras asembleas abertas, e que entre estes había unha representación da Fronte Obreira Galega.

Cumpriuse a distribución de tempos, dedicando a meirande parte a unha quenda aberta de intervencións. É salientábel o alto número de intervencións, varias delas de persoas simpatizantes e de afiliación que non participa de maneira regular. O tono xeral foi positivo e construtivo.

A valoración que trasladaron as persoas participantes foi positiva, poñendo en valor este tipo de formatos, e valorizando positivamente as intervencións que explicaron o proceso. Dentro do seu alcance supuxo unha inxección de ánimo e alento.

Tanto polo número de asistentes, como polo número de intervencións, o encontro aberto resultou comparativamente moito mellor que calquera asemblea local.

O único negativo foi que o formato, tan xeral, impediu un maior grao de concreción e de debate, limitándose a unha posta en común moi aberta e en grande medida inconcreta.

PROPOSTAS PARA O DEBATE

LISTAXE DE PROPOSTAS (o máis sintéticas posibles)

CON CARÁCTER XERAL

- Realizar unha “enquisa” ampla para pulsar as opinións da xente nacionalista.
- Evitar repetir erros pasados a respecto da relación cos movementos sociais, acometer renovacións “completas” dos organismos en pouco tempo (impedindo a continuidade de referentes) e non desprezar outras organizacións.
- Importancia da unidade do nacionalismo.
- Importancia de incorporar xente moza. [varias intervencións cadraron neste punto]
- Anovar o discurso e a linguaxe, procurando un discurso directo, pedagóxico e que foque nas nosas alternativas e non tanto na denuncia.
- Corrixir a liña comunicativa actual por ser “pesimista” e “triste”.

RADIOGRAFÍA DA GALIZA DE HOXE

- Contexto moi difícil, con menos movementos sociais no país.
- Atender a realidade social do país e a cuestión de clase.
- Incidir na crítica á Unión Europea.

ESTRATEGIA POLÍTICA DO NACIONALISMO GALEGO

- Hai que perder o medo a dicir publicamente que somos nacionalistas e actuar socialmente sen complexos.
- Recuperar o campo social.
- Son necesarias novas formas políticas e novas estratexias.
- Hai un problema de liderado interno e social, falta emoción e motivación.
- Refundar o BNG recuperando o discurso fundacional, os principios de Riazor.
- Ler de maneira crítica a nosa actuación no pasado, pero desde o orgullo do moito feito.
- Explicar de maneira comprensíbel a necesidade do nacionalismo.
- Expresar con maior claridade e concreción a nosa aposta soberanista (independencia).

- Concretar o modelo social alternativo no que apostamos.
- Poñer en valor que o BNG é vangarda a nivel estatal como forza antiimperialista e antimonopolista.
- Deixar atrás medos e procurar a máxima audacia.
- Evitar o curtopracismo e os “bandazos”.
- Continuar a concibir a liberación nacional e social como dúas faces indivisíbeis da mesma causa.
- Tomar partido na loita de clases e apostar na socialización/nacionalización de sectores estratéxicos.
- Incorporar a cuestión identitaria ao discurso da organización.

PARTICIPACIÓN POLÍTICA E MODELO ORGANIZATIVO

- Pular por un modelo organizativo que permita sumar, como o fai o actual modelo frontista.
- A concorrencia nas xerais baixo a fórmula Nós-Candidatura Galega foi un erro, xa que impediu a identificación co BNG.
- Manter a marca BNG sempre.